Ademais da Sociedade Galega do Medio Ambiente, forman parte de AEVERSU as plantas de Tirme, nas Illas Baleares; Zabalgarbi, no País Vasco; Trargisa, Mataró, SirusaTersa, en Cataluña; Remesa, en Melilla; Tircantabria, en Cantabria; e Tirmadrid, en Madrid, ademais de Ctrasa, sita en Andorra. ●

Actualidade

APE Galicia reparte 16.000 bolsas de papel entre os seus asociados

É unha medida para promover o uso de materiais renovables e respectuosos co medio ambiente



As bolsas, co certificado ambiental PEFC, foron cedidas por Sogama.

Co fin de limitar o desmesurado uso de bolsas plásticas por parte de comerciantes e consumidores, APE Galicia (Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia) procedeu á distribución, entre os seus asociados, de máis de 16.000 bolsas de papel certificado PEFC cedidas por Sogama, promovendo desta forma un material renovable e respectuoso co medio ambiente.

A iniciativa enmárcase na campaña "No camiño da sostibilidade", promovida

pola empresa pública que viu a luz con motivo da conmemoración de dúas datas claves no calendario verde: 17 de maio, Día Internacional da Reciclaxe, e 5 de xuño, Día Mundial do Medio Ambiente.

Normativa ambiental

Desde o 1 de xullo de 2018, os comercios están obrigados a cobrar todas as bolsas plásticas, a excepción das grosas que teñan unha porcentaxe de plástico reciclado igual ou superior ao 70% e das moi

ligeiras destinadas a acoller alimentos a granel. Non obstante, tamén está previsto prohibir estas últimas a partir do 1 de xaneiro de 2021, exceptuando se son compostables.

Pola súa banda, o 1 de xaneiro de 2020, as bolsas plásticas grosas deberán conter, polo menos, un 50% de plástico reciclado, quedando prohibidas as fragmentables, xa que, debido ao seu contido en aditivos, supoñen un elevado impacto para o medio ambiente. ●

"A compostaxe aséntase no modelo Sogama"

O director xeral, Isidro García Téllez, participou nun workshop internacional celebrado na sede portuguesa de Lipor e enmarcado no proxecto europeo Res2ValHum

A aposta de Sogama pola compostaxe quedou de novo acreditada con motivo da participación do director xeral desta compañía pública, Isidro García Téllez, o pasado 5 de xuño no workshop internacional celebrado na sede de Lipor (o Servizo Intermunicipalizado de Xestión de Resíduos de Grande Porto), enmarcado no proxecto europeo Res2ValHum.

Tras o acto inaugural e a primeira exposición realizada pola Universidade do Minho, Téllez explicou a experiencia de Sogama na compostaxe doméstica, con 300 entidades adscritas e máis de 10.300 composteiros repartidos, así como os labores de formación dirixidos aos usuarios. "A compostaxe aséntase no modelo Sogama", sinalou.



Isidro García durante a súa intervención.

Xa no marco do proxecto europeo Res2ValHum, o director xeral explicou as actividades realizadas por esta entidade ata o día de hoxe e nas que cobran especial peso as de carácter didáctico e divulgativo. É o caso dun workshop público celebrado en Vigo, a edición dun manual de compostaxe, así como dun vídeo para divulgar as bondades desta técnica, a impartición dun curso de formación online e a elaboración dun xogo didáctico e un conto infantil, entre outras.

Guimarães

Precisamente, os resultados obtidos

con estas actividades de capacitación e sensibilización centraron a intervención de Téllez nunha reunión cos socios e nun posterior workshop interno a semana seguinte na sede do Centro de Valorización de Resíduos (CVR) en Guimarães.

Cun orzamento superior aos 2 millóns de euros, Res2ValHum concluirá a finais deste mesmo ano, sendo o seu obxectivo poñer en valor a materia orgánica e evitar o seu vertido. ●

Web do proxecto europeo Res2ValHum

[Volver á portada](#)

12

Actualidade



Os colgadouros que balizan a aula semellan unha boutique eco de bolsas reutilizables con distintas formas, teas, cores e tamaños.

O centro penitenciario de Monterroso confecciona as primeiras bolsas 100% ecolóxicas para sumarse á loita contra o cambio climático

Os internos fixeron realidade o proxecto "Unha segunda oportunidade" reutilizando roupa fóra de uso no taller de costura da Escola de Adultos para loitar contra o uso desmesurado de plásticos. A idea é repartir as bolsas nun evento medioambiental, social ou deportivo con fins solidarios

Desde que se lanzou o proxecto bautizado co lema "Unha segunda oportunidade", a principios deste mesmo ano, o taller de costura da Escola de Adultos do centro penitenciario de Monterroso (Lugo) non parou de traballar. Os internos, baixo a batuta da súa profesora, Lucía Rodil, e a supervisión do director, Pedro Cantero, levaron a cabo un intenso labor de reutilización.

Unha vez feita provisión dunha considerable cantidade de roupa fóra de uso (batas de enfermería, pantalóns vaqueiros e outros artigos textiles), xa confeccionaron as súas primeiras bolsas, 100% ecológicas.

De distintas formas, tamaños e cores, os colgadouros da aula de costura semellan unha boutique eco na que

calquera consumidor podería atopar unha bolsa adaptada aos seus gustos e necesidades. Tal e como asegura Cantero "faltan detalles, remates", pero as bolsas, xa de seu, teñen ese punto de distinción que identifica o traballo feito con agarimo, con entusiasmo e coa esperanza de que será apreciado e valorado.

Aínda non decidiron a saída que darán a estas bolsas, pero si teñen claro que se repartirán nun evento medioambiental, social ou deportivo con fins solidarios.

Medio ambiente vertebrador

O espírito desta iniciativa non é outro que contribuír á loita contra a contaminación por plásticos e dar visibilidade a alternativas más

ecolóxicas e sostibles. Tamén á reinserción a través de iniciativas relacionadas co medio ambiente ao igual que outras iniciativas como o seu programa de compostaxe doméstica e vermicompostaxe, o seu invernadoiro ecolóxico fabricado con milleiros de botellas plásticas fóra de uso, a súa horta ecolólica, a súa iniciativa "Don't waste food" ("A comida non se tira") contra o desperdicio alimentario ou a edición dun libro de receitas elaboradas con sobras titulado "Sabroso reciclaje".

Monterroso é, por riba de todo, un centro penitenciario exemplar que non cede ao desalento, que non dá tregua á inacción e que loita día tras día por abrir a porta ao cuarto erre que escribe con maiúsculas: o da REINSERCIÓN. ●

Actualidade



Domínguez Lino e Manuel Valcarce.

O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, entregou, no transcurso da gala de clausura do programa radiofónico de corte ambiental Ecovoz, promovido pola Corporación Voz de Galicia, o premio "Ecoaledor" ao IES Xograr Afonso Gómez de Sarria (Lugo). O evento, que tivo lugar o pasado 19 de xuño no polideportivo de Cereda debido o mal tempo, estivo presidido pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez.

O galardón foi recollido polo director deste centro educativo,

José Manuel Valcarce López, quen mostrou o seu máis sincero agradecemento polo recoñecemento cara a un plan de acción que no instituto de Sarria levan a cabo desde hai anos para achegar o seu gran de area á protección ambiental.

Precisamente, o xurado valorou o compromiso do centro sarriano co medio ambiente pero, sobre todo, coa educación en valores, que vai más aló do ámbito académico inculcando a importancia da limpeza, a orde, o civismo, a empatía e a solidariedade a través de diversas actividades.

Instituto exemplar

Un instituto exemplar que, de forma silenciosa, e ao longo xa de moitos anos, estivo traballando na formación integral dos seus alumnos para que poidan converterse en adultos responsables e consecuentes o día de mañá. De feito, o premio Ecoaledor non é só un recoñecemento ambiental, é o recoñecemento á paixón pola educación en valores coma a que practica o IES Xograr Afonso Gómez.

Na edición Ecovoz 2019 participaron 16 centros de de distintos puntos da comunidade. ●

Seis municipios galegos suman 178 novas vivendas á compostaxe doméstica

Carballo, Pantón, Salvaterra de Miño, Baiona, Viveiro e Boiro abren a porta aos importantes beneficios ambientais, económicos e sociais que trae consigo a reciclaxe da materia orgánica en orixe

A solicitude dos concellos de Carballo (A Coruña), Pantón (Lugo) e Salvaterra do Miño (Pontevedra), Sogama subministrou 25 novos composteiros a cada unha destas localidades, 75 en total, para que poidan ampliar os seus programas de compostaxe doméstica.

Pola súa banda, Baiona (Pontevedra), Viveiro (Lugo) e Boiro (A Coruña) materializaron a súa adhesión a este programa ambiental de Sogama. En total, a empresa pública entregou 103 novos composteiros a estas tres localidades. Os veciños participantes recibiron, ou ben recibirán en breve, manuais didácticos de apoio nos que se explica a técnica a seguir a fin de obter un compost de alta calidad.



Con entre 345 e 400 litros de capacidade, os composteiros están fabricados con materiais reciclados e reciclables.

Desta forma, serán outras 178 vivendas unifamiliares destes seis municipios galegos as que participarán activamente nesta iniciativa ambiental co obxectivo de poñer en valor a materia orgánica en orixe mediante a súa conversión en compost, un abono natural con excelentes propiedades para o solo pola súa achega de nutrientes e a súa capacidade de preservalo de pragas e enfermidades.

Web para dúbdidas

Ademais, todos os usuarios teñen a oportunidade de completar os seus coñecementos a través do sitio web www.compostaconsogama.gal, onde se pon á súa disposición información, vídeos, xogos e outros recursos. ●

Multimedia



Recíclate con Sogama, querer é poder!

Con motivo do Día da Reciclaxe (17 de maio), Sogama editou un sinxelo manual online no que deixa constancia das razóns polas cales é importante contribuír á reciclaxe, destacando, entre outras, o aforro de enerxía e materias primas, a loita contra o cambio climático e a preservación dos xa limitados recursos naturais. ●

Manual "Día da Reciclaxe 2019"



O mar non é un vertedoiro

SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA
DO MEDIO AMBIENTE

O MAR NON É UN VERTEDOIRO

O lixo mariño está afogando os océanos.

Calcúlase que cada ano entran nos mares entre 6,4 e 8 millóns de toneladas de residuos, das cales un 80% teñen a súa orixe na terra, correspondendo o 20% restante a actividades pesqueiras tales como perda de aparellos.

O plástico é o material que lidera en maior medida este fenómeno. Tanto é así que, a día de

Os expertos venen advertíndoo desde hai tempo: de continuar co insostible patrón de produción e consumo, no ano 2050 haberá máis plásticos que peixes no mar.

Cando os residuos entran no océano inician una longa víaxe facilitada polas correntes oceánicas e os ventos marímos e, ademais, non o fan solos. Durante o traxecto transportan organismos dun lugar a outro que, en moitas ocasións, convértense en invasores. Tamén poden fragmentarse e degradarse pola acción

2050

O plástico é o material que lidera en maior medida a contaminación mariña e, de seguir consumindo de forma masiva plásticos dun só uso, os expertos auguran que no ano 2050 haberá máis plásticos ca peixes no mar.

Con motivo do Día dos Océanos (8 de xuño), Sogama elaborou unha guía a través da que proporciona unha visión xenérica desta grave problemática e as solucións nas que se está traballando. ●

Manual "O mar non é un vertedoiro"

Volver á portada



Que depositar no contenedor amarelo?

Con motivo da campaña online "#RRR. O medio ambiente necesita a túa axuda", a Sociedade pública puxo a disposición dos 295 concellos adheridos ao seu modelo, e de calquera interesado, catro microvídeos a través dos que abunda nas funcionalidades dos catro principais contenedores situados nas vías públicas (amarelo, azul, iglú verde e verde xenérico) para o depósito de residuos, concretando o que debe e non debe depositar o cidadán en cada recipiente.

A pretensión última é axudar á poboación a que efectúe unha selección de maior calidad, sendo esta un factor clave para incrementar as taxas de reciclado. ●



Ver os microvídeos na web de Sogama

Novo xogo online da compostaxe

"Apúntate á compostaxe!" é o novo xogo online para que os escolares coñezan as bondades da reciclaxe da materia orgánica, tanto na versión doméstica como na industrial.

Para que os pequenos poidan indagar en ambas opcións, a pantalla de inicio permitelles elixir a modalidade que desexen. Pinchando sobre un composteiro, descubren a dinámica propia do compostaxe doméstica no fogar e, pinchando sobre un contedor de cor marrón, a relativa ao industrial, describindo en ambos os dous casos as secuencias a seguir.

Producido por Sogama, o xogo enmárcase no proxecto europeo de cooperación transfronteiriza Res2ValHum, no que esta empresa pública participa en calidade de socio, sendo o seu obxectivo poñer en valor a materia orgánica contida nos residuos e evitar o seu depósito en vertedoiro. ●



Xogo online Res2ValHum


Web con datos estatísticos sobre o lixo electrónico

O sitio web [globalwaste.org](#) é a nova referencia para coñecer datos sobre o lixo electrónico (RAEE) a nivel mundial. Foi presentado pola Unión Internacional de Telecomunicaciones, que é membro fundador da Asociación Mundial de Estadísticas sobre Residuos Electrónicos.

Nesta páxina, o internauta ten acceso aos informes E-Waste Monitor, nos que se recollen datos sobre produción e xestión de residuos electrónicos na maioría dos países do mundo.

Esta información é crucial para actuar. Por riba de todo, búscase incrementar nun 30% as porcentaxes de reciclado e nun 50% o número de países con lexislación sobre residuos electrónicos. De non recibir un correcto tratamento, este lixo como é o caso de ordenadores portátiles, frigoríficos, sensores ou televisores, poderían ocasionar graves danos medioambientais. Pola contra, se son obxecto dunha xestión axeitada traerían consigo oportunidades económicas, calculadas en máis de 62.500 millóns de dólares anuais, así como a creación de millóns de novos postos de traballo.

O mundo refuga actualmente ao redor de 50 millóns de toneladas de lixo electrónico, pero só se recicla o 20%. ●



Fonte: ONU
Imaxe: Pixabay

Volver á portada

Eventos

Carreira contra a esclerose múltiple

O 9 de xuño tivo lugar, na capital de Galicia, a V Carreira e Andaina Solidarias pola Esclerose Múltiple, unha iniciativa promovida pola Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple (ACEM) e a través da cal se quixo dar visibilidade a unha enfermidade imprevisible e incerta, con diferente evolución entre os que a padecen, e que en ocasións require dunha total implicación das familias para que os enfermos poidan levar unha vida confortable e digna dentro das súas limitacións.

Ademais dunha cita co deporte e coa vida saudable, a carreira foi unha cita coa solidariedade e coa empatía cara a



unha enfermidade que se ben a día de hoxe aínda non ten cura, si concentra unha gran fe en alcanzala.

Unha fe que se agranda coa axuda e colaboración de todos, tamén coa de Sogama. ●

Máis de 160 quilos de lixo recollidos nunha praia de Riveira

Máis de 70 voluntarios sumáronse á xornada de limpeza promovida e organizada pola Asociación de Centros de Ensino de Idiomas de Galicia (ACEIGA) na praia de Coroso, en Riveira. O encontro ambiental tivo lugar o sábado 4 de maio e enmarcouse no proxecto "The Language of the Sea", cuxo obxectivo é concienciar á poboación na necesaria protección do medio ambiente.

Unha educadora ao servizo de Sogama foi a encargada de explicar a problemática do lixo mariño e a forma óptima de separar os residuos para propiciar a súa posterior recuperación.

Os participantes lograron recoller 163 quilos de refugallos: 30 quilos de envases lixeiros, 130 quilos de voluminosos tales como restos de madeira de palets, cordas



e fracción non reciclabel; e 3 quilos de envases de vidro. Materiais todos eles que, grazas á colaboración

cidadá, deixarán de ser un foco de contaminación e pasaráns a converterse en recursos. ●

Eventos



Cervo Respecta premia ás mellores fotos de 2019

O Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño) serviu de escenario para que o Concello de Cervo (Lugo) procedese á entrega dos premios do tradicional certame "Cervo Respecta", que vén celebrándose con grande éxito desde hai varios anos.

O 1º galardón, así como o premio Top Cervo, levouno Antonio Herrera Huerta, de Fuenlabrada (Madrid) coa súa instantánea "Tormenta sobre las Farallóns". O 2º premio recayu en José Jorge Amigo Ventureira, de Ferrol, pola súa imaxe bautizada "Burbujas en verde rana".

Con esta iniciativa, na que colabora Sogama, o ente local pretende poñer en valor a riqueza paisaxística de Galicia



e contribuír a crear conciencia en torno á protección e conservación da contorna. ●

Res2ValHum, entre os proxectos POCTEP presentados en Vigo como exemplo de boas prácticas



O acto institucional promovido pola Xunta de Galicia, e ao que asistiu o presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, tivo lugar o 17 de xuño no Museo do Mar de Galicia. Foi Fernanda Proença, portavoz da Universidade do Minho, entidade que lidera este proxecto europeo, a encargada de dar a coñecer, desde unha dimensión técnica, os pormenores do mesmo, o traballo realizado e as tarefas pendentes de executar de aquí a final de ano.

O obxectivo de Res2ValHum é poñer en valor a materia orgánica e evitar o seu vertido, transformándoa en fertilizantes biolóxicos de alta calidade e remediación de solos contaminados, ademais doutros posibles usos vinculados á cosmética e accións terapéuticas diversas. Os socios son Lipor, CVR e BRAVAL, no caso de Portugal, e a USC, CVAN e Sogama, no de Galicia. ●

[Volver á portada](#)

18

Eventos




Arrinca con forza a campaña estival de recollida de pilas

En tan só cinco eventos deportivos, *amateurs* e profesionais, a Fundación Ecopilas recolleu 710 quilos de pilas usadas. Competicións de fútbol, baloncesto, rugby, ciclismo e equitación son algúns dos escenarios nos que esta entidade leva a cabo tamén un labor formativo e de concienciación.

Ecopilas conta coa rede de recollida de pilas e baterías portátiles más extensa de España, estando conformada por máis de 35.500 puntos e 811 empresas adheridas.

Ademais, a través do seu sitio web www.ecopilas.es tanto particulares como colexios ou empresas poden solicitar un recompilador ou un contedor de pilas de forma gratuita. ●



O Consello Europeo prohíbe os plásticos dun só uso

A institución política da Unión Europea pechou o último paso lexislativo para poñer coto aos plásticos dun só uso a través da adopción dunha nova Directiva que restrinxe o uso destes materiais.

A Directiva sobre plásticos establece normas más estritas para os produtos e envases que figuran entre os dez artigos que contaminan en maior medida as praias europeas. Deste xeito de aquí a 2021, quedarán prohibidos pratos, cubertos, vasos, palliñas, pañuelos de globos ou bastoncillos de algodón, entre outros.

Os Estados membros tamén acordaron alcanzar un obxectivo do 90% de recollida das botellas de plástico, debendo estas ter un contido reciclado mímino do 25% para 2025 e do 30% para 2030.

Esta Directiva constitúe un elemento fundamental do Plan de Acción para a Economía Circular e forma parte da Estratexia da UE sobre o plástico. ●



Fonte: Consello Europeo
Imaxe: Pixabay

[Volver á portada](#)

19

Eventos

Plan de acción da Unión Europea contra o desperdicio alimentario

O escenario é preocupante: ao redor do 20% dos alimentos que se producen cada ano na Unión Europa pérdense ou desperdicianse, dando lugar a un negativo impacto ambiental, económico, social e tamén moral.

Por iso, a Unión Europea está decidida a tomar cartas no asunto, pero antes precisa dispoñer dun diagnóstico máis preciso da situación e xuntar datos concretos sobre o desperdicio alimentario, convencida de que o que se pode medir, pódese xestionar.

Neste marco, adoptou un Acto Delegado no que define o concepto de desperdicio de comida e establece unha metodoloxía común co fin de axudar aos Estados membros a medir e a cuantificar a cantidade de comida que se malgasta en cada



etapa da cadea alimentaria. O plan de acción da UE ten por obxectivo reducir á metade o desperdicio alimentario, tanto a nivel minorista como de consumidores, para o ano 2030. ●

Fonte: Residuos Profesional
Imaxe: Pixabay

35 finalistas para ser campións da terra

Un total de 35 mozos de distintas partes do mundo aspiran a ser os gañadores do premio Novos Campións da Terra. Este é un concurso global promovido polo Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA) que busca identificar, apoiar e distinguir a mozos e mozas de entre 18 e 30 anos con grandes ideas para protexer o medio ambiente.

Das más de 900 candidaturas, os 35 finalistas foron elixidos polos seus enfoques innovadores para enfrentar os desafíos máis perentorios do planeta. Entre as temáticas abordadas figuran a contaminación por plásticos, a polución do aire, a restauración de arrecifes e o deterioro de ecosistemas. Na [páxina web de Mozos Campións](#) están dispoñibles biografías curtas dos 35 finalistas rexionais, así como os resumos das súas ideas, en texto e en vídeo.

Os sete gañadores serán seleccionados por un jurado global e cada un recibirá 15.000 dólares estadounidenses en fondos iniciais, ademais de titorías



de expertos, capacitación personalizada en liderado, narración e comunicacións, e acceso a importantes redes e mentores.

A relación de premiados anunciarase en setembro, un por cada rexión e dous de Asia-Pacífico no transcurso da ceremonia do premio. ●

Fonte e imaxe: UNEP

[Volver á portada](#)

20

Eventos _CURIOSIDADES



Solucións innovadoras de envasado con nanotecnoloxía

Dáse un paso máis contra o desperdicio alimentario da man da nanotecnoloxía aplicada a envases para incrementar a seguridade dos alimentos. A través do proxecto europeo NanoPack abriuse a porta á utilización de empaquetados activos, é dicir, cuxo cometido vai más aló de conter pasivamente o produto, contemplando, entre outras funcións, o de absorber ou liberar sustancias para mellorar a frescura dos alimentos envasados ou para prolongar a súa vida útil.

A pretensión é inhibir o crecemento de bacterias transmitidas polos alimentos e para isto utilizaranse uns materiais denominados nanotubos de halloysite ou HNTs. Os HNT conteñen aceites esenciais de ourelo e tomíño cuxas propiedades antimicrobianas retardan o crecemento das bacterias ou mofos que danan os alimentos. ●



Fonte e imaxe: Comisión Europea

Reciclaxe de plástico desde unha perspectiva molecular



Dado o complexo proceso de reciclado dalgunhas tipoloxías de plásticos debido á súa composición (aditivos, colorantes, recheos ou retardadores de chama), científicos do Laboratorio Nacional Lawrence Berkley do Departamento de Enerxía de Estados Unidos xestaron un plástico de última xeración que podería reciclarse múltiples veces e converterse en novos materiais.

A modo de xogo de Lego, desmontaríase nas súas partes constituíntes a nivel molecular e volveríase a

ensamblar nunha forma, textura e cor diferentes, unha e outra vez, sen perda de cualidades nin de rendemento.

Este achado abre a porta á concepción de plástico circular cuxos monómeros orixinais se poidan recuperarse para a súa reutilización durante o maior tempo posible ou ben reciclarse para facer un novo produto de maior calidade. ●

Fonte: Berkeley Lab
Imaxe: Pixabay

Volver á portada

21

Eventos _CURIOSIDADES



A industria da cervexa avanza en clave circular

O sector cervexeiro español, cuarto produtor da Unión Europea, non se conforma coa súa posición de liderado no ámbito agroalimentario, senón que aspira a ser 100% circular incrementando a porcentaxe de envases reutilizados e reciclados.

No marco da súa estratexia de sostibilidade, o ecodeseñ e a circularidade do envase ocupan medidas prioritarias, do mesmo xeito que a eficiencia enerxética, a redución da pegada de carbono e a mellora da eficiencia no uso da auga. De feito, durante os últimos dous anos, realizou un investimento ambiental cifrado en máis de 20 millóns de euros nos 540 centros de elaboración.

Segundo os últimos datos dispoñibles, case o 46% da cervexa se comercializa en envases reutilizables, un 12% máis que en 2013, e o 99% dos residuos do sector son valorizados. Pola súa banda, a taxa de reciclado dos envases de vidro dun só uso sitúase no 73%, un 21% máis que en 2008, e a de envases de metal no 86%, un 44% máis.



A cervexa é a bebida fría más consumida en hostalaría e tres de cada catro españoles optan pola mesma cando consumen bebidas fóra do fogar, constituindo un alimento que forma parte da cultura, idiosincrasia e estilo dos españois. ●

Fonte: Alimarket
Imaxe: Pixabay

As latas de aluminio reducen o seu impacto ambiental

Así o revela un estudo promovido por Metal Packaging Europe a través do cal se levou a cabo unha nova análise do ciclo de vida deste envase. As razóns polas cales se alcanzou este logro son, entre outras, as continuas melloras nos procesos de fabricación do aluminio, a redución no peso da lata e o aumento da taxa de reciclado.

Para unha lata con capacidade de 33 cl, a redución do impacto ambiental nun período de 10 anos (2006-2016) é do 33%, observando unha redución do 35% no consumo de electricidade e calor grazas á mellora na eficiencia da fabricación de latas e un incremento próximo ao 50% na taxa de reciclaxe de envases de aluminio en Europa, pasando do 50% ao 73% en 2014.

O aluminio constitúe un material que se adapta perfectamente ao concepto de economía circular, toda vez que se pode reciclar unha e outra vez, conservando o seu valor. ●



Fonte: www.metalpackagingeurope.org

Eventos _CURIOSIDADES

A agricultura familiar, impulsora do desenvolvemento sostenible

Xunto co Fondo Internacional de Desenvolvemento Agrícola (FIDA), a FAO lanzou o pasado mes de maio o Decenio das Nacións Unidas da Agricultura Familiar, que contempla un Plan de acción mundial para impulsar o apoio aos campesiños familiares, en especial nos países en desenvolvemento.

As granxas familiares representan máis do 90% de todas as explotacións agrícolas do planeta e producen o 80% dos alimentos do mundo, erixéndose como as principais impulsoras do desenvolvemento sostenible, así como ferramenta clave para a erradicación da fame e as distintas formas de malnutrición. Ademais, preservan e restauran a biodiversidade e os ecosistemas, e utilizan métodos de producción que poden axudar a reducir ou evitar os riscos inherentes ao cambio climático.

Non obstante, estes agricultores familiares, sobre todo mulleres e mozos, enfróntanse a serios desafíos xa que carecen de acceso a recursos e servizos para apoiar a producción e comercialización de alimentos. Entre outras razóns porque as súas infraestruturas son



inadecuadas e porque as condicións ambientais e climáticas das que dependen atópanse ameazadas. Agora, todas estas limitacións, e como resolvelas, están contempladas no Plan de acción mundial do Decenio da Agricultura Familiar. ●

Fonte: FAO
Imaxe: Pixabay

O movemento estival bandeiras verdes de Ecovidrio entra en escena

Trátase dunha campaña coa que esta entidade recoñecerá aos nove municipios costeiros máis comprometidos coa protección do litoral e a loita contra o cambio climático a través da reciclaxe de envases de vidro. Ata o momento, 136 concellos e 15.000 establecementos confirmaron que competirán para lograr este distintivo.

Ecovidrio reforzará medios e colaboración para propiciar unha maior participación no sistema por parte da hostalería e dos ciudadáns, tendo en conta que nos meses de verán recíclase unha terceira parte de todos os envases de vidro recuperados anualmente.



A entidade prevé realizar ata 45.972 visitas de formación e información a establecementos, entregará ata 5.100 cubos especiais de reciclaxe e instalará ata 676 novos contedores vinilados con motivos estivais, aumentando ao mesmo tempo as frecuencias de recollida. ●

Fonte e imaxe: Ecovidrio

Volver á portada

23




Menor pegada de carbono dos envases de cartón

A fabricación de envases de cartón en Europa reduce nun 11% a súa pegada de carbono. Este é un dato positivo que, en todo caso, representa unha vantaxe claramente competitiva dun material que se caracteriza por ser 100% renovable, reciclable e biodegradable, destacando tamén outras calidades tales como a súa lixeireza, resistencia, versatilidade e funcionalidade.

A embalaxe de cartón conta, a xuízo de AFCO (Asociación Española de Fabricantes de Envases e Embalaxes de Cartón Ondulado), con dous atributos únicos que o fan sostible: trátase de materia prima renovable, tendo en conta a capacidade dos bosques para capturar CO₂, e a súa plena reciclabilidade, que a reconverté en papel e cartón novos, atrasando así o retorno do CO₂ á atmosfera.

Estímase que, en 2018, o principal consumo de cartón en España correspondeu a produtos agrícolas, cun 23,3%, seguido dos alimenticios, cun 16,4%. Atopándose a continuación as bebidas, cun 15%, xunto co sector do audio, a electrónica e a automoción, cun 8,7%. ●



Fonte: Retema

9 de cada 10 españoles considera que reciclar é importante para o medio ambiente

Así se desprende do Barómetro Social IPSOS realizado con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente o pasado 5 de xuño. Ao 94% dos cidadáns preocúpalle a recuperación de zonas rurais para conservar a natureza e ao 93% a contaminación do aire que se respira nas ciudades.

Pola súa banda, os mozos consideran que o cambio climático reducirá a auga potable disponible, inquietando tamén o elevado tráfico nas urbes.

En xeral, o 94% dos encuestados entende que clasificar o lixo é importante para gozar dun medio ambiente saudable, mentres que o 26% confesa que lle resulta incómodo e o 5% manifesta non segregar residuo algúin.

Se se atende ao xénero, comprobouse que as mulleres (83%) reciclan máis que os homes (78%) e as idades nas que se mostra unha maior predisposición cara a este hábito é o período comprendido entre os 55 e os 64 anos, e cun nivel de estudos alto. ●



Fonte: IPSOS

Eventos _CURIOSIDADES



A economía circular, folla de ruta para a industria dos plásticos



Entidades como AIMPLAS, ANAIP, ANARPLA, AVEP, CICLOPLAST e PlasticsEurope traballan en colaboración coa industria dos plásticos a fin de levar a cabo proxectos de I+D+i que melloren a sostibilidade dos produtos e permitan a transformación de residuos en recursos.

Os avances no sector xa son notables. É o caso das tecnoloxías de reciclado avanzadas que permiten á industria recuperar os filmes impresos e envases de produtos

perigosos ou ben a construcción de tramos de estrada asfaltados cunha mestura conformada por refugallos de tapóns, envases, perchas e pneumáticos.

Estas seis entidades destacan a adecuación dos plásticos á economía circular pola súa capacidade para ser reciclados, para conservar os alimentos en bo estado e pola súa función en ámbitos como os da sanidade, a seguridade, a construcción ou o transporte, entre outros. ●

[Volver á portada](#)

25

Receitario

Petiscos para os seráns estivais

Nesta sección sempre vos traemos unha proposta de menú contundente orientada ao xantar, pero xa que estamos en pleno verán e os seráns se prestan para ceas compartidas ata a posta do sol, aquí vos deixamos esta alternativa para picar. Á parte dos sobras recicladas, notade que moitos dos ingredientes básicos son alimentos de tempada como os pementos, as xudías ou as patacas novas.

A combinación volve estar sacada do receitario editado polo Penal de Monterroso **"Sabroso reciclaje"**. Se vos animades a cocinar, nas nosas redes sociais [Facebook](#) e [Twitter](#) hai oco para as vosas fotos!

Pementos recheos



Ingredientes reciclados:

- Pementos
- Macarróns á boloñesa



Elaboración:

1. Lavar e retirar o rabo dos pementos reservando as esquinas.
2. Encher os pementos coas sobras dos macarróns á boloñesa. Fritar a lume suave.
3. A continuación, picar en dados as esquinas e a cebola e refogar nunha tixola.
4. Montar o prato colocando os pementos de tres en tres e cubrindo coa mestura anterior.



Outros ingredientes:

- Aceite



[Volver á portada](#)

26

Receitario



Croquetas de patacas en excedentes



Ingredientes reciclados:

- Patacas cocidas



Outros ingredientes:

- 1 ovo
- Manteiga
- Fariña
- Pan relado
- Aceite para fritar



Elaboración:

- Separar a clara da xema do ovo e reservar a primeira.
- Nun bol, mesturar a pataca, a xema e a manteiga ata que que adquira a consistencia dunha pasta con textura homoxénea (puré de pataca duquesa).
- Meter a masa nunha manga pasteleira.
- Preparar a mesa de traballo empoando con fariña para que a masa non se pegue.
- Coa manga pasteleira, ir facendo un "churro" sobre a mesa e cortalo en anacos máis ou menos uniformes.
- Pasar cada bocado de masa polo pan relado e fritir ata dourar.
- Coa clara sobrante do ovo, facer unha tortilla que servirá de guarnición.

Ensalada de pasta e xudías



Ingredientes reciclados:

- Xudías verdes
- Pasta cocida
- Col de Bruxelas
- Cebola



Outros ingredientes:

- Leituga
- Tomate
- Aceite de oliva



Elaboración:

- Con esta preparación, aproveítanse as xudías á galega sobrantes cun pouco de pasta, tamén excedente doutra comida.
- A partir destes dous ingredientes, deseñar unha ensalada á que se lle engade cebola picada, leituga, tomate e col de Bruxelas (xa cocida).
- Regar todo con abundante aceite de oliva.

Volver á portada

27